



MODELO SILVÍCOLA	SEF (silvicultura de enriquecemento de frondosas).
ESPECIE:	Formacións de frondosas, en particular as masas consolidadas de frondosas autóctonas, e outras formacións de frondosas.
OBXECTIVO:	Realizar unha silvicultura de enriquecemento que permita un aproveitamento comercial de produtos demandados pola industria sobre formacións inicialmente de escaso valor económico.
DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: Todos os distritos forestais. Formacións de frondosas consolidadas pero con carencia de intervención silvícolas previas e falta de potencial comercial futuro do arborado presente, pero capaces de albergar plantacións de especies de madeira valiosa: cerdeira, pradairo, freixo ou mesmo nogueira, aproveitando o acompañamiento lateral xa existente.	

REXENERACIÓN	
Marco e densidade de plantación	Procurarase asegurar a presenza de 200 árbores de posible uso comercial por ha, que deriven tanto de plantación de enriquecemento como (posiblemente) do propio arboredo preexistente, que provirá de rexeneración natural. O material vexetal para plantación de enriquecemento será seleccionado ou, preferiblemente, cualificado e controlado. Prestarase especial atención á cerdeira, nogueira, castiñeiro ou carballo americano orientados á producción madeireira e dispoñibles no catálogo de materiais de base.
Arborado de acompañamiento	Adicionalmente, traballarase sobre árbores de acompañamiento, en densidade de 3.000 a 1.200 pés/ha en idade previa ás primeiras rareas. As rareas suporán a súa retirada sucesiva, para deixar únicamente 200 pés/ha nas cortas de rexeneración.
Mantementos	Rozas activas, con mantemento das faixas abertas (unha faixa de 3 m de largura cada 20 m), roza manual ao redor do arborado de porvir e roza perimetral para reducir o risco de incendio.

TRATAMENTOS SILVÍCOLAS	
Podas de formación e podas	Realizaranse podas de formación en anos sucesivos sobre o arboredo de porvir. As podas baixas comezarán cun diámetro normal medio de 8-10 cm. Subiranse sucesivamente as podas ata 5,5-6 m en tres intervencións, con subida de poda de 2 m, asegurando que a altura á que se chega podando non supera nunca a metade da altura total da árbore.
Desmestas	Unha primeira desmesta en idade de monte bravo, con selección de pés de porvir e apertura de faixas (unha faixa de 3 m de largo cada 20 m), apertura de ocos de plantación (4 x 4 m) e preparación de buracos de 80x80x80 cm con mini retro, plantando posteriormente plantón de 3 zumes de materiais de alta calidade xenética de cerdeira, castiñeiro híbrido, freixo, pradairo, carballo ou nogueira. Desmestas sucesivas asegurando limitar a competencia sobre as árbores de porvir, mantendo a cuberta forestal lateral do arboredo de acompañamiento.
Rareas	Rareas comerciais sobre arboredo de acompañamiento, sen superar





	un peso do 30% da área basimétrica, previndo a saída de chupóns no arboredo de porvir e asegurando unha sombra lateral deses fustes. Número total de 3-4 rareas, a comezar aos 25 anos, que producirán leñas, madeira para taboleiro e, progresivamente, madeira apta para aserrado.
--	--

CORTAS DE REXENERACIÓN	
Idade de corta	Variable segundo as especies de porvir e as estacións. 40 anos con predominio de cerdeira e castiñeiro en boas estacións, 60 ou mesmo 80 anos no resto dos casos. Priorizar quendas longas para manter modelos de combustible de frouma baixo arborado como estratexia preventiva de incendios.
Métodos de corta	A deseñar segundo os tamaños de rodal existentes, variables desde cortas por bosquetes de 1-2 ha, cortas a feito en dous tempos ou rareo sucesivo. Manterase un certo número de árbores vellas e mortas.

